

UNIDADE 11: Ramón Cabanillas: *Na noite estrelecida*

TEXTOS PARA A GUÍA DE LECTURA

A espada Escalibor

Caerleón, a cibdade das pedras milenarias
ergueitas polos dioses vencidos das pregarías,
a do ferro batido por barudos guerreiros
ás proféticas voces de osiánicos troveiros,
a cibdade dos nobres, raciaes prestixios,
bicada do misterio, frorecida en prodixios,
onde as místicas forzas dunha esperanza e dun sono
piñando unha raza son asento dun trono,
afundida na sombra salaia tatexante
ó arrollo do Uska fervente e resoante,
mentras voa, caíndo, a neve silenzosa
en folerpas miudas como follas de rosa.

Mediou a noite sagra da festa do Nadal
o xentío enche a nave da vella catedral.

É o pobo que, levado das iras do Destiño,
seguindo o rumbo fúlxico do sol no seu camiño,
tramontando da Europa as fragorosas serras,
dende os castros azúes e as verdecentes terras
das fontes do Danubio, inquedado, esitante,
atravesou a cante do bravo mar de Atlante
e arribou ós rochedos que o misterio druída
siñalara por lindes da terra prometida,
da terra en que repousa a fiando as espadas
para as novas, bariles e sangrentas xornadas:
que os gaélicos bardos das arpas armoñosas
xa anunciaron os tempos das loitas fazañosas.

Mediou a noite sagra da festa do Nadal
e fulxe baixo a neve a vella catedral.
Polos longos vidrales e os outos rosetóns,
cos tirados pregadores de salmos e oracións,
a luz saíndo a feixes, en fíos e lampadas,
aloumiña as imaxes no tímpano labradas,

esténdese nos lenzos das paredes espidas,
doira entallas e follas nas colunas froridas,
fai brincar os refrexos dos forxados de aceiro
nos cornos e nas poutas das gárgolas do aleiro,
encende as verderroibas cristaíñas adoaas
que dos santos de pedra esmaltan as coroas,
en regos lumiosos as cornisas percorre
e alongando as raiolas rube á outura da torre.
Toda luz de miragro e pregante rumor,
cuberta de folerpas, a casa de El Señor,
ergueita no albo circo da longa escalinata,
semella un cáliz de ouro baixo un cendal de prata.

Estalan con balbordo de trunfadores hinos
no esguío campanario os atronantes sinos,
os tanguidos de gloria van decindo no vento
a nova redentora do santo nacimiento.

A bradar sai do templo a grea relixiosa
e, súpeto, deténse pasmada e silenzosa.
Namentras as campanas voltexan na outa torre,
a xente, inqueda, sinte que polo adro corre
un resprandor vermello de encantamento sagro
escoita a voz que zoa nas horas de miragro.

Nun nimbo lumioso surde o bardo adiviño,
envolveito en brancuras recendentes de liño,
ollos gazos, profundos, longa barba frorida,
cingue a frente coas hedras da coroa druída
na man, que reloce como un lirio bendito,
ten a fouce de ouro do litúrxico rito;
a fouce segadora da mandrágora, ó raio
de feitizo e de agoiro dos luars de Maio.
É Merlín o profeta, o celta armoricán,
dos silfos e das lumias ollado por irmán,
sabidor dos encantos e os máxicos conxuros,
das virtudes das herbas e dos fados escuros;
que nos craros dos bosques e os baixíos costeiros
deprende o diviño linguaxe dos luceiros;
o bardo das edades, o da segreda cencia
que a terra fixo súa, impóndolle obediencia
ás ágoas da riada, ós rochedos do cume,
ás nubes da tormenta, á ardentía do lume.

O cabaleiro do Sant Grial

En nos ollos azúes unha sagra visión,
florecidos os beizos nun rondel de oración,
Galahaz vai levado, nun soñar caricioso,
dunha esperanza diviña e un relembro saudoso
E a barquiña envolveita nun craror de luar,
vai avante, en silencio, de vagar... de vagar...

Ó romper novo día, a barca milagreira
atracou antre as laxes dunha nova ribeira.
Unha brétema escura desfacíase en bágoas
no curuto das pedras e no limpo das ágoas,
e zarraba o camiño á terra de arribada,
como forte parede por xigantes labrada
ó longo da ribeira, imponente penedo
sin rubida ni asalto nin buraco segredo.

Galahaz colleu terra levado do destiño,
corazón escravo dun mandado diviño,
e mentras desaparece o escuro neboeiro
e a barquiña se alonxa guiada do luceiro,
ollou, dunha raiola de sol dependurada,
escer dos outos ceos brillante e longa espada
que abrindo no rochedo unha fonda ferida,
ficou nel encravada, deica o puño afundida.

Á vista do miragro, o baril cabaleiro
aceso nunha sagra fervenza de romeiro
no peito unha arela que maior non podía,
que lle acorra e lle vala pregou Santa María.
E chegándose á pedra, de ánimo esforzado
botoulle man á espada e cingueuna ó costadado
O penedo, a tal intre, foi por medio fendido,
deixando aberto e franco un camiño frorido
que corría unha terra verdecente e mimosa
na que os pinos erguían a súa voz maxestosa,
eran groria dos ollos rebrilos dos orballos
nas herbiñas das leiras e as follas dos carballos,
un río de ágoas limpas, azúes e sereas
durmíase nun leito de douradas areas,
recendo de fiunchos emitía o vento mol
as lavercas voaban en circos cara o sol.
E Galahaz trunfante e cheo de ledicia
entrou camiño adiante en terras da Galicia.

O sono do rei Artur

E ceibando a sen nobre do peso da coroa
contendo da chaga o sangue en que se escoa,
os ollos anubados polas bágoas, na altura
o corazón trasposto nunha infinda dozura,
o Rei falou, partindo asento e maxestade
co trunfador na empresa da cristián irmandade:

«Benzoado por sempre e por sempre louvado
El Señor que dispuxo o meu tránsito honrado
e me dona o consolo de arrolar no meu peito
ó que foi polo Ceo sobre a terra escolleito
para temprou e sagrario do céltigo destiño
e guiar os meus pasos polo novo camiño».

Os vellos servidores e os nobres fazañosos
escoitan ó Rei santo trementes e chorosos
un sopro de misterio de iñorada fragancia
bica as frentes leiales, revoando na estancia.
Galahaz, docemente, diante o Rei axoella
e lle amosra dos ollos a esmeralda onde espella
crara, fúlxida, viva, con ardor de luceiro,
a visión miragrosa do día do Cebreiro:
o cáliz que lampexa fulgor de eternidade
a pomba renascente da diviña Saudade!

Altas horas da noite. Vai a lúa na chea
bogando nunha maina craridade serea.

O vento adormiñado, o bosque sin rumor,
a terra está detida nun éstasis de amor.

A praia. O mar infindo. Cara ó ceo pechado
Rei Artur soña e espera o místico mandado.

Galahaz ten sostida, a par do Rei doente,
a espada das batallas, do puño ourilocente
a sagra cruz en alto, brillante a folla núa
baixo as frechas de prata das raiolas da lúa.

Galgante dos luceiros nas roibas ardentías
que se encenden e afunden sobre as ágoas tranquíás,
na liña do hourizonte, ras do mar, se levanta
unha vela que en fío dos praias adianta.

O sangue amontoado no laño da ferida,
Rei Artur pousa nela a mirada doída,
sinte zoar no peito as esquecidas voces
das tristuras anergas e dos relembrados doces,
e aceso nunha chama o corazón frebento
torna os ollos á terra onde atopou asento
e alzou fogar e trono o clan de seus avós;
e nunha aceda coita salaia o seu adiós:

Terra de Caledonia onde foron cumpridos
os proféticos salmos, cos esforzos ardidos
dos guerreiros da cruz,
que leial dos maiores á sonada memoria
o louvor dos teus feitos encha o espello da hestoria
de ronseles de luz!

Terra nai, terra sagra, de onde foron abertos
sobre mares inotos e a través dos desertos
os camiños do Alén,
que o loureiro te cubra de eterna verde folla
e o amor ledizoso como noiva te escolla
e te guíe con ben!

Que á beira dos teus ríos, nas doces arboredas
fragantes dos recentos de fiunchos e resedas,
aniñe o reiseñor,
frezas en rosas baixo os ceos beninos
nas torres altivas badaleen teus sinos
a gloria de El Señor!